



## **Moción elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración do 8 de marzo "Día Internacional da Muller"**

Os Grupos que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada , adoptaron, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).
- Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.
- Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.

Segundo.- O Concello de A Estrada comprométese a:

- Continuar a posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta pro-activa en colaboración con outras Administracións.
- Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.
- Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións profesionais, así como fomentar iniciativas para formar ás familias en materia de igualdade de xénero (eliminación de estereotipos de xénero, impulso da corresponsabilidade, promoción de orientacións profesionais non sexistas e prevención da violencia de xénero).
- Apoiar as convocatorias de feminismo galego auto organizado.